

ASUNTO	Solicitud do concello de Silleda para a revisión do estado das árbores da Avenida do Parque
SOLICITUDE	Solicitud de informe por instancia xenérica
TRÁMITE	Informe técnico das árbores da Avenida do Parque Expediente 2025061299
DESTINATARIO	CONCELLO DE SILLEDA Rúa Progreso, 41. Silleda (Pontevedra) alcaldia@silleda.gal

Informe realizado en resposta á solicitude realizada mediante instancia xenérica pola alcaldesa de Silleda, Dona Paula Fernández Pena, na que solicita que os técnicos da Estación Fitopatolóxica Areeiro fagan unha avaliación do estado das árbores da Avenida do Parque ($42^{\circ}41'49,41''$; $8^{\circ}14'49,42''$). Con tal fin, realizouse unha visita de avaliación o día 14 de agosto de 2025.



Trátase dunha aliñación formada por seis exemplares de acacia negra na Avenida do Parque. Todos os exemplares medran en alcorques de dimensións reducidas realizados ao longo da beirarrúa, polo que hai dous elementos de obra que interfíren coas árbores.



Dado que os seis exemplares non presentan o mesmo estado aparente, a continuación realízase unha descrición de cada un.

Exemplar 1:

O exemplar medra nun alcorque de dimensións reducidas para esta especie, que no seu máximo de desenvolvemento acada grandes dimensións. Ademais, o solo está moi compacto e amosa parte do sistema radical ao descuberto, con danos mecánicos e amplas zonas descascadas.

Na parte baixa do fuste amosa puntas cravadas, e desde a base ata a cruz ten varias zonas descascadas que amosan madeira en fase de descomposición, corpos de frutificación de fungos de madeira a diferentes alturas e incluso a nivel do propio colo da árbore. Recolleuse unha mostra destes corpos frutíferos para ser analizados no laboratorio e determinouse que pertencían a dúas especies: *Fomitiporia mediterranea*, fungo patóxeno da madeira capaz de descompoñela ao degradar todos os polímeros que conforman a súa estrutura (celulosa, lignina e hemicelulosa) dando como resultado unha podremia irreversible, e *Ganoderma adspersum*, patóxeno que tamén descompón os compoñentes estruturais da madeira, co que a árbore pode colapsar en todo ou en parte. De feito, o son que devolveu o fuste ao golpealo co martelo de goma desde a base ata a cruz era irregular, o que é indicativo de que está oco ou podre. Ademais, o exemplar xa amosa na cruz unha gran cavidade, e é moi



probable que desde aí baixe ao longo do fuste a columna de madeira degradada que se sospeita a partir do son do martelo.

A cruz fórmase a tres metros de altura aproximadamente e desde ese punto saen dous brazos de aproximadamente dous metros de lonxitude, tamén con zonas descascadas e con numerosos brotes epicórmicos nos ápices, o que indica que o estado fisiolóxico do pé non é o máis adecuado.

A copa ten dimensións moi reducidas pola perda das ramas principais, con cortes de poda de grandes dimensións e, nalgúns casos, execución deficiente. Ademais ten pequenas ramas secas e unha gran rama lateralizada.



Exemplar 2:

Ao igual que no caso anterior, o alcorque é de dimensións insuficientes, o solo está moi compacto e amosa parte do sistema radical moi superficial e ao descuberto, presentando raíces con danos mecánicos e amplas zonas descascadas. Parte do sistema radical está a levantar os bordos de pedra dos alcorques, ao igual que a estrada, que xa ten zonas quebradas e pavimento levantado. Sobre as raíces superficiais hai gran cantidade de rebrotes.

No fuste presenta numerosas puntas cravadas. A 1,7 metros de altura o fuste bifúrcase e a unión, que é moi pechada, ten cortiza incluída (cortiza que se desenvolve entre dúas pólas que forman un ángulo de inserción moi pechado entre elas, formando unha unión débil e un futuro punto de quebradura). As dúas ramas principais volven a dividirse en sucesivas ramificacións que, nalgúns casos, tamén presentan cortiza incluída. Un dos brazos principais ten unha fisura lonxitudinal de aproximadamente un metro de lonxitude, e todas as ramas están podadas, amosando feridas de máis de 20 centímetros de diámetro, con rachos por non ter executado cortes de descarga, e sen bisel. Destes cortes, algúns deles horizontais, xorden numerosos chupóns que medran con gran verticalidade, instalados sobre puntos de inserción febles, o que implica un risco de rotura da rama.

A copa é globosa e de dimensións reducidas polas actuacións de poda comentadas.





Exemplar 3:

Situado como os demais nun alcorque de dimensións reducidas para a especie o que está a provocar o levantamento do pavimento da estrada e que parte das raíces aparezan na superficie, con danos mecánicos asociados ao paso de vehículos por enriba das mesmas.

A metade do fuste está completamente seco e presenta gran cantidade de buratos de insectos xilófagos, que degradan a madeira ao alimentarse dela. Ademais, nesta zona, o son que devolve tralo golpeo co martelo de goma non é uniforme, sonando a oco nalgúns zonas. Nas zonas baixas do fuste tamén hai puntas cravadas.

Desde a base ata a cruz amosa madeira de reacción tentando cubrir a zona morta, pero esta área é demasiado ampla. Sobre a zona morta hai unha gran ferida derivada da perda no pasado dunha rama de grandes dimensións.

A copa ten forma irregular pola perda da rama antes mencionada, o que da un porte non natural á árbore.





Exemplar 4:

Ao igual que nos casos anteriores, o alcorque é de dimensións insuficientes para árbores adultas desta especie. Na base do fuste presenta unha cavidade que afonda ata a metade do mesmo. Na mesma cara do fuste presenta un 40% da superficie descascada ou coa cortiza separada da madeira. O son que devolve tralo golpeo co martelo de goma indica que unha parte importante do fuste atópase seco ou con podremias no seu interior, o que era de esperar debido ao estado da cruz da árbore, onde se evidencia o corte dunha rama principal e unha área de madeira desorganizada. Tamén se observaron no fuste corpos frutíferos de fungos, que no laboratorio determinouse que eran tamén de *Fomitiporia mediterranea*.

A copa practicamente non existe, está practicamente seca, e so ten algúns brotes epicórmicos sobre puntos de inserción moi febles sobre as ramas descascadas. Ademais, do mesmo xeito que os pés anteriores, esta árbore tamén amosa cortes de poda de grandes dimensións que non van a pechar.



Exemplar 5:

Ao igual que nos casos anteriores o alcorque é de dimensións insuficientes para árbores adultas desta especie. Parte das raíces aparecen en superficie pola falta de espazo para desenvolverse, e isto provoca que teñan danos mecánicos. Ademais, parte destas raíces aparecen retortas, e nalgúns casos reviradas sobre si mesmas, o que diminúe a estabilidade do exemplar.

O fuste ten algúns danos mecánicos por antigas feridas de poda, que semellan estar a pechar axeitadamente na súa maior parte. Tamén ten puntas cravadas polo tronco, o que constitúe unha porta de entrada a patóxenos. A tres metros de altura fórmase a cruz, desde a que xorden cinco brazos que medran case horizontais, dando unha copa excesivamente aberta. Os brazos que medran por enriba da estrada están parcialmente descascados e con danos mecánicos, seguramente provocados polo golpeo con camións ou outros vehículos de grandes dimensións. As ramas principais foron podadas e presentan feridas de grandes dimensións sobre as que xorden brotes epicórmicos, en puntos de inserción moi febles. Nalgúns brazos aparecen gretas lonxitudinais de máis de un metro de longo. Amais, nalgúnhas ramas atopáronse uns insectos chupadores que, no laboratorio, determinouse que eran da especie *Icerya purchasi*, cochinilla moi polífaga que succiona o zume (a savia) das plantas provocando o secado dos brotes, a morte das ramas e consecuentemente o decaemento completo do exemplar.



Exemplar 6:

Ao igual que nos casos anteriores o alcorque é de dimensións insuficientes para árbores adultas desta especie. Parte das raíces crecen en espiral arredor do tronco e aparecen en superficie, pero é moi probable que tamén as haxa por debaixo do nivel do terreo e que mesmo estean a estrangular a circulación do zume da planta. As raíces



ao aire presentan danos mecánicos polo paso de persoas e vehículos. Os bordes de pedra do alcorque están arrincados pola presión que as raíces exercen sobre o espazo. Na zona baixa do fuste ten partes descascadas.

A 1,3 metros de altura ten unha cavidade lonxitudinal de 40x15 centímetros na que se aprecia madeira seca e orificios de insectos perforadores. A outras alturas e noutras orientacións se observan algunhas pequenas cavidades pero aparentemente pecharon ben. Ao golpear o tronco co martelo de goma o son que se obtén é uniforme e non se intúen cavidades baixo a cortiza no tronco. Tamén presenta numerosos cortes de poda antigos pechando axeitadamente.

A cruz está formada por dúas ramas principais, aínda que se aprecia que no pasado foron máis pero foron cortadas, e actualmente neses puntos hai podremias que habería que confirmar canto penetran na madeira do tronco para determinar o risco que teñen asociado. As ramas que aínda se conservan foron cortadas a dous metros da cruz. Desde este punto volven a ramificarse, con puntos de inserción febles, para conformar a copa, aparasolada e de dimensións reducidas para esta especie. Algunhas das ramas principais presentan gretas verticais e outras teñen cavidades o que, unido ao feito de que a maior parte da copa procede de insercións débiles, pode traer consigo roturas no futuro.



Proposta de actuación:

Á vista do estado dos exemplares no seu conxunto, que non se atopan nas mellores condicións fisiolóxicas por levarse desenvolvendo tempo en alcorques moi reducidos, con raíces ao aire sufrindo danos mecánicos, con ramas mal conformadas e diversos graos de podremia a diferentes niveis, a nosa proposta é eliminar os exemplares polo risco de quebradura dalgunha das súas partes ou dalgún exemplar enteiro, que ademais



provocaría danos sobre a estrada e a beirarrúa. Ademais, tentar conservalos só representaría un elevado custe de mantemento e non estaría garantida a súa vitalidade a medio e longo prazo.

Por outra banda, non hai que esquecer que a acacia negra (*Acacia melanoxylon*) aparece recollida no Real Decreto 630/2013, de 2 de agosto, polo que se regula o Catálogo español de especies exóticas invasoras e polo tanto de escaso valor ecolóxico.

Datado e asinado electronicamente pola Xefa de Servizo Estación Fitopatolóxica Areeiro

